

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 9

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 26 de XULLO de 2016, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

1.- Actas anteriores: (extraordinaria e ordinaria do 30.05.2016)

2.- Declaracións institucionais.

3.- Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

3.1.- Conta Xeral do Concello de Vigo e dos seus organismos autónomos, correspondente ao ano 2015. Expte. 7/143 (Rexistro Pleno 1400/1101)

3.2.- Dar conta do Estado de Execución do Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento correspondente ao 2º trimestre do 2016, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias. Expte. 22/143 (Rexistro Pleno 1399/1101)

3.3.- Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público correspondente ao 2º trimestre do ano 2016. Expte. 16841/541 (Rexistro Pleno 1401/1101)

RÉXIME INTERIOR, SEGURIDADE E MOBILIDADE

3.4.- Modificación do cadro de persoal do Concello de Vigo. Expte. 27972/220 (Rexistro Pleno 1402/1101)

URBANISMO

3.4.- Modificación do cadro de persoal da Xerencia Municipal de Urbanismo. Expte. 9103/407 (Rexistro Pleno 1403/1101).

4.- Proposicións mencionadas no artigo 63 do regulamento do Pleno.

5.- Mocións:

- 5.1.- Moción do grupo municipal Socialista instando á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a facer un estudo detallado das zonas, centros e necesidades educativas de Vigo e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1406/1101.
- 5.2.- Moción do grupo municipal Socialista instando á Zona Franca de Vigo a priorizar a ampliación do PTL e do polígono de Balaídos a través de diversas vías. Rexistro Pleno 1407/1101.
- 5.3.- Moción do grupo municipal Socialista instando á Consellería de Sanidade a poñer en marcha con carácter inmediato a Unidade de Psiquiatría infantil no ámbito da Área Sanitaria de Vigo. Rexistro Pleno 1408/1101.
- 5.4.- Moción do grupo municipal Socialista instando ao Ministerio de Fomento e a ADIF a realización das obras necesarias para habilitar un paso peonil na vía do ferrocarril na rúa Coutadas. Rexistro Pleno 1409/1101.

6.- Asuntos ou mocións urxentes.

PARTE DE CONTROL

- 1.- Toma de coñecemento dos acordos ou resolucións doutros órganos municipais ou de informes ou escritos que así o requiran.**
- 2.- Coñecemento dos informes citados no art. 38.2.m.4º do Regulamento do Pleno.**
- 3.- Comparecencias de membros da Corporación.**
- 4.- Mocións.**
 - 4.1.- Moción do grupo municipal de Marea de Vigo instando ao Pleno da Corporación o apoio expreso á Plataforma de Vítimas do Alvia e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1404/1101.
 - 4.2.- Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal informe sobre os problemas do proxecto e si existe unha nova planificación das obras na grada de Tribuna, así como prazos para rematar as obras, etc. Rexistro Pleno. Rexistro Pleno 1405/1101.

4.3.- Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Concello a solicitude de declaración das Illas Cíes como Patrimonio da Humanidade (UNESCO) ante a Xunta de Galicia a fin de que poidan ser candidatas e declaradas no menor tempo posible. Rexistro Pleno 1410/1101.

4.a. Mocións urxentes de control do goberno municipal.

5.- Formulación de rogos.

6.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTE E SEIS, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

Vigo, 21 de xullo de 2016

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL ACCTAL. DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

Manuel Xosé Lorenzo Penela.

